



SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 23 DE

FEBREIRO DE 2015

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas do día vinte e tres de febreiro de dous mil quince, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Maria Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocio Vila Díaz, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Non asiste e presenta escusa don Fernando Caride Suárez e dona Marta Maria Vázquez Golpe.

Intervén como secretaria da Corporación dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examínanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.-Aprobación, se procede, dos borradores das actas das sesións ordinaria de data 9 de febreiro de 2015 e extraordinaria de data 18 de febreiro de 2015

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 9 de febreiro de 2015 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco membros que asistirán á citada sesión (non asistiron don Felipe Andreu Barallobre, don Fernando Caride Suárez e dona Marta Maria Vázquez Golpe), aprobou o citado borrador.

A seguir, o señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local de data 18 de febreiro de 2015 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco membros que asistirán á citada sesión (non asistiron don Manuel Rivas Caridad, don Felipe Andreu Barallobre e don Santiago Manuel Rios Rama), aprobou o citado borrador.

2º.- Correspondencia

- Resolución do 17 de decembro de 2014, da Dirección Xeral de Emprego e Formación, Consellería de Traballo e Benestar, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 3 de maio de 2013 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2013 (Diario Oficial de Galicia número 88, do 8 de maio). Figura o Concello de Cambre, cun importe concedido 21.000 euros. (Diario Oficial de Galicia número 34, do día 19 de febreiro de 2015).



- Resolución do 17 de decembro de 2014, da Dirección Xeral de Emprego e Formación, Consellería de Traballo e Benestar, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 4 de outubro de 2013 pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2013. (Diario Oficial de Galicia número 196, do 14 de outubro). Figura o Concello de Cambre, cun importe concedido 10.659,29 euros. (Diario Oficial de Galicia número 34, do día 19 de febreiro de 2015).

- Resolución do 6 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Emprego e Formación, Consellería de Traballo e Benestar, pola que se procede á publicación das subvencións concedidas en virtude da Orde do 31 de decembro de 2012 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio de 2013. Figura o Concello de Cambre, coas seguintes especialidades: dinamización comunitaria, cunha subvención aprobada de 73.312,75 euros; atención sociosanitaria a persoas no domicilio, cunha subvención aprobada de 58.590,96 euros; soldadura oxigás e soldadura MIG/MAG, cunha subvención aprobada de 97.256,48 euros e montaxe e mantemento de instalacións solares térmicas, cunha subvención aprobada de 75.621,19 euros. (Diario Oficial de Galicia número 35, do día 20 de febreiro de 2015).

- Resolución do 6 de febreiro de 2015, da Dirección Xeral de Emprego e Formación, Consellería de Traballo e Benestar, pola que se procede á publicación das subvencións concedidas en virtude da Orde do 23 de decembro de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio de 2014. Figura o Concello de Cambre, coas seguintes especialidades: montaxe e mantemento de instalacións solares térmicas, cunha subvención aprobada de 75.135,92 euros; dinamización comunitaria, cunha subvención aprobada de 62.917,50 euros; atención sociosanitaria a persoas no domicilio, cunha subvención aprobada de 62.256,02 euros; xestión integrada de recursos humanos, cunha subvención aprobada de 84.124,27 euros e soldadura oxigás e soldadura MIG/MAG, cunha subvención aprobada de 71.194,67 euros. (Diario Oficial de Galicia número 35, do día 20 de febreiro de 2015).

3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

Informes do concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación

Don Felipe Andreu Barallobre informa que se adjudicou a obra “reparación da cuberta dos nichos no cemiterio municipal Santa Maria de Cambre” á empresa “Excavaciones y Obras Melchor, S.L.”, no prezo ofertado de 41.981,29 euros IVE incluído, obra cofinanciada pola excma. Deputación provincial da Coruña para investimentos de promoción económica ano 2014 dentro do programa FOAYIA.



Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa que hai un problema coas pluviais no Espírito Santo que está afectando ao colector de saneamento, dado que a capacidade que ten é a que ten, e se lle meten fecais, pluviais, etc. Engade que é urxente falar co Concello de Sada para que discriminen esas augas. O problema está na Gándara, o colector ten pouca pendente e ten moita auga.

Igualmente di que tamén terán unha reunión co Concello de Oleiros para estudar o que se fará nas Gándaras.

O señor alcalde manifesta que falará co Concello de Sada para que veña un técnico. A continuación don Manuel Marante Gómez manifesta que é mellor que veña tamén o concelleiro correspondente, dado que el xa falou co técnico o ano pasado.

A continuación, informa que rematou a reparación provisional do camino de Leiras.

Para rematar a súa intervención, don Manuel Marante Gómez informa que se colocarán uns bancos na praza da Ría. Engade que son de cemento branco e madeira nos asentos, dado que están todos estragados os que hai agora mesmo.

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

Don Santiago Manuel Rios Rama informa que o día 21 de febreiro do ano que andamos tivo lugar o entroido pequeno en Cambre. Os resultados dos premios foron os seguintes: na modalidade de carrozas: "La tanqueta que lo peta" e na modalidade de comparsas "Mangando", ambas de Cambre.

A continuación, informa que o vindeiro sábado día 28 de febreiro terá lugar a representación de "A Fábula" do grupo teatral Fás-que-fás, da Fundación Wenceslao Fernández Flórez, no centro sociocultural do Graxal, ás 20.30 horas.

Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

Dona Maria Jesús González Roel informa que o xoves realizaron unha visita á Cruz Vermella, na Coruña, para ver in situ os programas que desenvolven e para propoñer os talleres que se realizarán aquí en Cambre.

Tamén informa que proximamente a Cruz Vermella realizará unha campaña de captación de voluntarios.

Para rematar a súa intervención, dona Maria Jesús González Roel informa que esta semana se asinará o convenio co Banco de Alimentos Rías Altas da Coruña. Manifesta que é un convenio de compromisos para o vindeiro ano.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as dez horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Manuel Rivas Caridad

Maria Luisa de la Red Ampudia